

opusdei.org

**Resumo da
Conferencia do
Emmo. e Revdmo.
Sr. Cardenal D.
Julián Herranz
Casado, nas XXXI
Xornadas
Sacerdotais de
Olbeira (Vilanova de
Arousa, Pontevedra).**

08-11-2007

"A liberdade relixiosa, ao fundarse na mesma dignidade da persoa humana constitúe un dereito universal e inviolable".

O Presidente da Comisión Disciplinar da Curia Romana e Presidente emérito do Pontificio Consello para os Textos Lexislativos, D. Julián Herranz, na súa conferencia sobre “La libertad religiosa e democracia” analizou a natureza, as xustas expresións e os límites do dereito fundamental á liberdade relixiosa, en armonía -non en contraste- co patrimonio das tradicións culturais propias de cada país.

Tras un camiño de confrontación e diálogo, na segunda metade do século XX a Declaración Universal de Dereitos Humanos e a Declaración *Dignitatis Humanae* do Concilio Vaticano II concluían o significado da liberdade relixiosa, tendo en conta a obriga moral persoal de busca-la

verdade, en primeiro lugar sobre Deus: ningunha persoa pode ser forzada a actuar contra a súa conciencia nin debe serlle impedido profesar a súa relixión en privado ou en público. Así queda reflexado no Art. 18 da Declaración Universal de Dereitos Humanos: *“...o dereito á liberdade relixiosa inclúe a liberdade de manifestar, ailladamente ou en común, tanto en público como en privado, a propia relixión, o propio credo no ensino, nas prácticas, no culto e nas observancias dos ritos”*.

A dignidade humana como concepto universal

Da atenta consideración histórica, filosófica, sociolóxica e ética da natureza da persoa humana, da dignidade que lle é propia, e dos dereitos que se derivan xurdiu un acordo na formulación da Declaración Universal de Dereitos Humanos. Confluían nela pensadores

das máis diversas tradicións culturais: dende Maritain e Teilhard e Chardin a Mahatma Gandhi e a filósofos confucionistas, budistas ou musulmáns.

Nestes dereitos inalienables -entre eles o dereito á liberdade relixiosa- refíctense as esixencias obxectivas e os valores imprescindibles dunha lei moral universal, que non admite fronteiras xeográficas ou condicionamentos reductivos de orde cultural, político ou ideolóxico.

Os ámbitos da liberdade relixiosa

Nalgunhas democracias occidentais os termos “neutralidade do Estado” ou “laicidade do Estado” son interpretados ou aplicados de maneira incorrecta, ou mesmo de forma agresiva, falsamente presentada como “voluntade popular”. Así ocorre cando a liberdade relixiosa é concebida como unha benigna concesión do Estado ao

cidadán ou ben cando o concepto de “laicidade” enténdese ou convértese de feito en “dictadura relativista ou agnóstica”: é decir, nunha actitude negativa, que aínda que non o declare abertamente parece que quixese expulsar do ámbito público todo o relixioso “como se Deus non existise”. Nestes supostos, a “neutralidade” ou a “laicidade” do Estado non son equivalentes ao Estado “aconfesional” -o que sería correcto- senón a Estado “anticonfesional”, “antirrelixioso” ou “anticatólico”, segundo as circunstancias.

O recoñecemento e a garantía do dereito fundamental á liberdade religiosa aseguraron tranquilidade ás persoas e ás familias, paz e benestar á comunidade social, e armonía, comprensión e solidariedade ás relacións internacionais.

A igualdad na tutela dese dereito

Non sería xusto por parte do Estado, en nacións de elevada maioría de católicos -porque iso sería ignorar as esixencias da realidade social e das consciencias dos cidadáns- operar, cunha falsa interpretación do principio de igualdade, unha indiscriminada *nivelación xurídica* entre todas as relixións: poñendo en todo á Igrexa Católica, profundamente arraigada neses países dende hai moitos séculos á mesma altura de incidencia histórica, cultural e social de calquera outra comunidade relixiosa -mesmo sexa a musulmana ou a hebrea- ou secta, como os “Testigos de Jehová” ou a “Scientology”.

sacerdotais-de-olbeira-vilanova-de-
arousa-pontevedra/ (08-04-2026)